

**LUGO***Anuncio*

Por Decreto número 18008946, de data 29 de outubro de dous mil dezaoto, aprobouse o Padrón de sumministración de auga e IVA s/seu consumo, recollida de lixo, sumidoiros, aluguer de contador e canon de auga correspondente ao terceiro trimestre de 2018, que se expón ao público na Unidade de Augas, sito na Ronda da Muralla, 197, durante o prazo de quince días hábiles, a contar dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que dictou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 63 da Ordenanza Fiscal Xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

Lugo, 02 de novembro de 2018.- A ALCALDESA, P.D.O TENENTE DE ALCALDE DELEGADO DE EDUCACIÓN E INFRAESTRUCTURAS URBANAS, Manuel Núñez López.

R. 3212

**MONFORTE DE LEMOS***Anuncio*

Por resolución da alcaldía de data 16 de outubro do 2018 aprobouse a lista provisional de admitidos e excluídos no proceso selectivo dunha praza de axente de policial local (OEP 2018), dita resolución foi publicada na mesma data no taboleiro de anuncios do Concello e na web municipal [www.monfortedelemos.es](http://www.monfortedelemos.es).

Advertido que o artigo 11 do decreto 243/2008 de 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policías locais esixe publicala tamén no BOP correspondente, procedese a inserir o presente anuncio, indicando ós aspirantes que o listado de admitidos e excluídos provisionalmente se atopa dispoñible na paxina web municipal [www.monfortedelemos.es](http://www.monfortedelemos.es), concedendo un novo prazo para subsanación de erros e presentación de nova documentación de 10 días hábiles a contar dende o seguinte a publicación deste anuncio no BOP.

Aclarando que aqueles aspirantes que xa presentaron as súas subsanacións non terán que volver a facelo pois estas conservaranse conforme ó principio de conservación dos actos e de economía administrativa.

En Monforte de Lemos a 16 de novembro de 2018.- O Alcalde, José Tomé Roca

R. 3256

**OUROL***Anuncio***EXPOSICIÓN AO PÚBLICO**

A Xunta de Goberno Local do Concello de Oural en sesión extraordinaria celebrada o día 22 de outubro de 2018, prestou aprobación inicial ao **Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de SETEMBRO de 2018 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar** por importe de dous mil novecentos noventa e tres euros con trinta e seis céntimos (2.993,36 €), correspondendo mil trescentos noventa e catro euros con vinte e cinco céntimos (1.394,25 €) a libre concorrència e mil cincocentos noventa e nove euros con once céntimos (1.599,11 €) a dependencia.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de **15 días**, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade con artigo 253.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo **dun mes**, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.